

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A FUNDACIÓN GALEGA CONTRA O NARCOTRÁFICO PARA A REALIZACIÓN DO PROGRAMA "ADESTRAR SEN PANTALLAS, GAÑAR EN SAÚDE".

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A secretaria xeral técnica da Consellería de Sanidade, DECLARA:

Que a Consellería de Sanidade, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, e a Fundación Galega contra o Narcotráfico, formalizaron o 04/12/2025 o instrumento convencional arriba referido que producirá efectos por un período dun ano, podendo ser renovado por acordo expreso por unha duración máxima de dous anos, respectando os límites previstos no artigo 49.h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a realización de accións conxuntas, para o desenvolvemento do programa "Adestrar sen pantallas, gañar en saúde", que inclúe a realización das seguintes actuacións:

- a) Promover dende o deporte de base unha maior sensibilización social sobre a necesidade dun uso saudable das pantallas na infancia e na adolescencia, instando ás familias e á comunidade a tomar conciencia e a fomentar a práctica deportiva e a actividade física como alternativa de ocio saudable e desenvolvemento integral.
- b) Promover dende a figura de adestradores/as e monitores/as deportivos (dotados da formación oportuna), pautas concretas para a promoción de dito uso saudable.
- c) Favorecer a detección precoz e a prevención das novas formas de adicción entre os menores, nomeadamente o uso compulsivo de Internet e as Redes Sociais ou a posible adicción aos videoxogos.
- d) Fomentar o desenvolvemento de habilidades sociais, emocionais e físicas a través da práctica deportiva, como contrapunto ao sedentarismo e ao uso excesivo de pantallas.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

A Consellería de Sanidade, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, e a FGCN desexan colaborar, mediante o establecemento de accións conxuntas, para o desenvolvemento do programa "Adestrar sen pantallas, gañar en saúde", que ten por obxecto promover dende o deporte de base unha maior sensibilización social sobre a necesidade dun uso saudable das pantallas na infancia e na adolescencia, facilitando pautas e recursos á mocidade para unha utilización equilibrada e racional das novas tecnoloxías da comunicación e das relacións; instando ás familias e á comunidade a tomar conciencia e exercer un papel máis activo ao respecto.



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso ao instrumento convencional asinado, con exclusión doutras figuras.

A secretaria xeral técnica

Natalia Lobato Mosquera

